

■ **Ampliar a galeguización no ensino** é o obxectivo que reclaman nun escrito conxunto asinado pola Mesa de Normalización Lingüística, os sindicatos CXTG, SGTE, CCOO e UTEG, e os movementos de renovación pedagóxica ASPG e Nova Escola Galega. Nese sentido denuncian que aínda a galeguización sexa marxinal e se manteña o baixo orzamento (uns 200 millóns de pesetas) para a Dirección de Política Lingüística "que non chegan nen para pagar os cursiños e aínda se teñen que rexeitar algúns solicitados. Dében-se multiplicar os cartos investidos como único xeito de poder atender unha planificación real de introdución do noso idioma no ensino".

Ademais de facer un chamamento ao profesorado para que dé as aulas en galego insisten na posta en marcha das *tutorías de normalización lingüística*, iniciativa que levarán aos claustros dos centros. Estas tutorías colmarán unha reivindicación deste colectivo de organizacións e obrigaran á Consellaría a publicar unha Orde no DOG pola cal os profesores encargados da mesma reducirían o seu horario e desenrolarían un programa que contribuíse a normalizar o galego tanto no uso administrativo como nas materias didácticas que o reclamasen. □